

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, ao través de Xabier Ron Fernández e Ramón Vázquez Díaz, e da súa voceira, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN**, relativa á incorporación nos Orzamentos do 2016 dunha partida orzamentaria destinada a dotar do material necesario ao IES Milladoiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No curso 2013-2014 iniciaba a súa andaina o IES Milladoiro, un centro educativo agardado con impaciencia por toda a comunidade educativa. No entanto, non se cumpriron as previsións iniciais de dotación de recursos para equipar os laboratorios e departamentos, así como non se dispuxo de todo o que precisa o IES para o desenvolvemento da docencia informática.

As dúas ANPAS constituídas oficialmente no IES Milladoiro, así como persoal docente e dirección piden que se complete o proceso dotacional para poder desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe con plenas garantías, conforme a unha educación pública de calidade.

Por todo o indicado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

- **O Parlamento Galego insta á Xunta a dispoñer dunha partida orzamentaria suficiente nos Orzamentos do 2016 destinada a cumprir coas previsións iniciais en cuestión de dotación de equipamento para Laboratorios e Departamentos, así como dos recursos informáticos precisos para garantir a calidade do servizo educativo no IES Milladoiro do concello de Ames.**



Compostela, 14 de setembro de 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 14/09/2015 10:50:18**

**Ramón Vázquez Díaz na data 14/09/2015 10:50:24**

**Yolanda Díaz Pérez na data 14/09/2015 10:50:28**